

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

27 de xullo de 2017

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e catro concelleiros de feito dos vinte e cinco de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste o ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, ausente por atoparse de vacacións.

Unha vez adoptado o acordo de aceptación de renuncia ao seu cargo de concelleiro (asunto número 2/132), abandona o salón de sesións DON SANTIAGO CELO FERNÁNDEZ ROCHA.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap07

Asunto: PLENO ORDINARIA DO 27-7-2017

Logo de producirse a toma de posesión como concelleiro (asunto número 3/133), incorpórase á sesión DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventora Xeral Municipal accidental dona María Baza Poudereux.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/131 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 25 de maio de 2017 nos seus propios termos.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/132 **ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO FORMULADA POR DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, E DECLARACIÓN DE VACANTE NA CORPORACIÓN MUNICIPAL**.- O Excmo. Concello Pleno, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro presentada por **DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA**.

SEGUNDO.- Declarar a vacante na Corporación Municipal de Lugo e solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor do/da correspondente substituto/a da candidatura de Lugonovo (candidato/a seguinte da lista presentada polo referido partido nas eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015), segundo o previsto no artigo 182 da Lei orgánica do réxime electoral xeral.

3/133 **TOMA DE POSESIÓN DE DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ COMO CONCELEIRO DESTA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL**.-

FACENDA LOCAL

4/134 **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA: RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA**.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDAR** deixar o asunto sobre a mesa, pendente dun mellor estudo.

5/135 DACIÓN DE CONTA DA ELEVACIÓN AUTOMÁTICA A DEFINITIVO DO ACORDO NO QUE SE APROBOU INICIALMENTE O ESTABLECEMENTO E IMPLANTACIÓN DA ORDENANZA NÚM. 406, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- TOMAR RAZÓN da elevación automática a definitivo do acordo no que se aprobou inicialmente o establecemento e implantación da ordenanza núm. 406, reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros de educación infantil e primaria, adoptado polo Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 25 de maio de 2017.

SEGUNDO.- Proceder a publicación íntegra do texto da devandita ordenanza, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa

O texto da referida Ordenanza é o que segue:

“ORDENANZA NÚMERO 406

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2. e 142 da Constitución e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de comedor nos centros públicos de educación infantil e primaria.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS AO PAGO

Tendo en conta que as e os usuarios do servizo gravado por estes prezos son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, as súas nais, pais e titoras e titores, ou calquera outra ou outro representante legal.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap07

Asunto: PLENO ORDINARIA DO 27-7-2017

A efectos da cuantía da tarifa distínguese entre usuarios habituais do servizo de comedor escolar e usuarios esporádicos

Os usuarios habituais de comedor escolar, son os escolares que reciben o servizo diariamente, pago mensual do servizo.

Os usuarios esporádicos do comedor escolar son os escolares o e o persoal funcionario docente e non docente así como o persoal laboral e alumnado en prácticas de Maxisterio ou grao equivalente do centro educativo, que soliciten o servizo, sempre que existan prazas libres dos centros escolares, pago día solto.

ARTIGO 3º. COTAS

Para os efectos de establecer as cotas que terán que achegar as familias das e dos usuarios do servizo municipal do comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria, diferénciase entre prestación ordinaria (pago mensual do servizo) e prestación esporádica (pago de día solto) por usuaria ou usuario.

O prezo do menú diario no almorzo, que cobrará a empresa por nena ou neno ás familias será de 1,80 € diarios.

O prezo do menú diario no xantar que cobrará a empresa por nena ou neno ás familias será de 3,60 € diario cando a asistencia da persoa usuaria sexa continuada, e o pago sexa mensual.

O prezo das e dos usuarios que utilicen o servizo de xantar días discontinuos será de 4,60 €.

Os ditos prezos non inclúen o IVE, que será de aplicación conforme a normativa vixente.

ARTIGO 4º. PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO

O prezos regulados nesta ordenanza devindicaranse no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

Na opción prestación mensual (pago mensual do servizo), as familias formalizarán asistencia coa inscrición no servizo, e as cotas quedarán domiciliadas. En caso de baixa do servizo, avisarase antes do 20 do mes anterior a causar baixa.

En caso de non poder asistir algún día ao servizo, é obrigatorio avisar á persoa coordinadora do centro ben por teléfono ou por correo electrónico non máis tarde das 20:00 horas do día lectivo inmediato anterior.

O pagamento do prezo público realizarase anticipadamente ao momento en que se outorgue a prestación do servizo, no caso das usuarias e usuarios habituais, que reciben o servizo diariamente, o cobro será por domiciliación bancaria que autorizará a nai, o pai, os titores ou representantes legais.

Na opción de prestación esporádica (pago de día solto), a usuaria ou usuario recollerá o ticket, polo menos un día antes da súa utilización. Nesta opción é obrigatorio saber o día de asistencia ao comedor.

ARTIGO 5º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, será de aplicación o

Contrato administrativo, Ordenanza fiscal xeral, Lei xeral tributaria e a restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

TERCEIRO.- Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ó abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

INTERVENCIÓN

6/136 **RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2017.-** O Excmo. Concello Pleno, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, **ACORDA APROBAR** a habilitación de crédito e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas relacionadas no Anexo con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **346.692,44** euros

<p>IMPORTE TOTAL: 346.692,44 euros IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2017: 345.689,30 euros IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 1.003,14 euros</p>
--

MEDIO AMBIENTE

7/137 **PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE HORTOS URBANOS.-** O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos, coa redacción recollida no Ditame da Comisión de Desenvolvemento Sostible e Persoal do 21 de xullo de 2017.

SEGUNDO.- Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, para a



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap07

Asunto: PLENO ORDINARIA DO 27-7-2017

presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios a inserir no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

De non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional e procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, dar conta ao Pleno da Corporación.

PROPOSICIÓNS

8/138 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 269/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O MUSEO DA HISTORIA DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA** xuntar e organizar todo o material antigo, e con valor histórico, posíbel do Concello de Lugo, e buscar un espazo co obxectivo de iniciar unha exposición permanente dedicado á historia recente de Lugo.

9/139 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 275/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CONVOCATORIA INMEDIATA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2015, 2016 E 2017.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal a convocar de xeito inmediato as prazas aprobadas na Oferta de Emprego Público dos anos 2015 e 2016.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a aprobar de xeito inmediato a Oferta de Emprego Público do ano 2017 e prodeder a continuación á súa convocatoria.

10/140 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 278/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN SERVIZO DE BALEIRADO E LIMPEZA DE FOSAS SÉPTICAS NO RURAL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal de Lugonovo, coas modificacións introducidas como consecuencia das emendas aceptadas, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Concello de Lugo, dentro do marco das súas competencias en materia de saneamento e abastecemento, á iniciación dos trámites e xestións oportunas para dotar destes servizos ás parroquias do rural, buscando a colaboración coa Xunta de Galicia para realizar estas intervencións.

SEGUNDO.- Que se inicie o estudo de viabilidade da creación dun servizo de baleirado e limpeza de fosas sépticas no rural mentres non se impranta o saneamento definitivo nas parroquias de Lugo.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Lugo a colaborar na posta en marcha dun plan de axudas á instalación de fosas sépticas para aquelas vivendas da zona rural que non dispoñen de ningún sistema de saneamento e tratamento de augas.

11/141 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 280/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA IMPLANTAR A XESTIÓN DIRECTA DE COMEDOR ESCOLAR NO NOVO COLEXIO QUE SE VAI CONSTRUIR NO BARRIO DO SAGRADO CORAZÓN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** que a Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, inclúa no proxecto de construción do novo colexio situado no barrio do Sagrado Corazón desta cidade as infraestruturas necesarias coas dotacións e persoal necesarias para que se poida prestar o servizo de cociña e comedor neste centro educativo, prestado pola propia Administración con persoal propio da Consellería.

12/142 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 281/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE ENTIDADES LOCAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** instar ao Concello de Lugo a que, con base no Pacto de estado en materia de violencia de xénero, proceda a:

- Adherirse á Rede Galega de entidades Locais contra a Violencia de xénero creada no 2012 pola Secretaría Xeral de Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).
- Crear en Lugo a Mesa Local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, coas novas competencias que entrarán en vigor segundo o pacto nacional contra violencia machista nos próximos meses para as administracións locais.
- Traballar no desenvolvemento de accións e plans que o concello ten pendentes en materia de violencia de xénero como a reactivación da Mesa técnica e o desenvolvemento do protocolo de loita contra a violencia de xénero e o Plan de Igualdade, coas novas competencias que entrarán en vigor segundo o pacto nacional contra violencia machista nos próximos meses para as administracións locais.

13/143 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 282/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN DO BARRIO DE A TINERÍA.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA**



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap07

Asunto: PLENO ORDINARIA DO 27-7-2017

instar ao Goberno Local á elaboración dun Plan de dinamización do barrio de A Tinería no que se recolla:

- a) Actuacións para mellorar a imaxe e o día a día do barrio, en materia social, limpeza, seguridade e control de actividades.
- b) Incentivos fiscais ou de calquera outro tipo, dirixidos ao asentamento de residentes no barrio.
- c) Incentivos fiscais e axudas para favorecer o emprendemento e as iniciativas empresarias no barrio.

14/144 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 283/2017 DE REXISTRO DE PLENO, REFERENTE Á REPROBACIÓN DA ALCALDESA POLO DÉFICIT DEMOCRÁTICO E A PARÁLISE INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Reprobar á alcaldesa de Lugo polo déficit democrático da xestión do seu equipo de goberno, que está levando ao Concello de Lugo a unha profunda crise institucional e atasco administrativo, coa conseguinte parálise da xestión pública.

SEGUNDO.- Publicar no portal de transparencia e na páxina web oficial do Concello de Lugo o acordo plenario de reprobación da alcaldesa Lara Méndez.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

15/145 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE XUÑO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

16/146 DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE DESIGNACIÓN DE DONA CRISTINA PÉREZ HERRAIZ COMO VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE LUGONOVO.

17/147 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17005931 DO 26 DE XUÑO DE ASIGNACIÓN DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA Á VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, DONA CRISTINA PÉREZ HERRAIZ.

SERVIZOS SOCIAIS

18/148 DEUSE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚMERO 17006031.-

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 265/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA COLOCAR UN PIANO DE USO PÚBLICO NO PATIO CENTRAL DO VELLO CÁRCERE.

